


Estratexia da Dirección xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública (DXIXSP)



Estratexia da Dirección xeral de Innovación
e Xestión da Saúde Pública (DXIXSP)

Edición web: maio 2012

Dirección

Manuel Varela Rey

Grupo de traballo

Ángel Gómez Amorín

Xurxo Hervada Vidal

Patricia Daporta Padín

Jorge Suanzes Hernández

Francisco López Rois

Manuel Amigo Quintana

**Axustes / Catálogo de servizos /
planificación de proxectos**

Servizos da DXIXSP

Xefaturas territoriais
da Consellería de Sanidade

Consultoría

Applica-Asociados

Coordinación operativa

Manuel Amigo Quintana

Deseño gráfico

Idear Comunicación Visual

Correo electrónico de contacto

manuel.amigo.quintana@sergas.es

D.L.: C 2944-2011

Índice

Páxina

4	Prólogo
6	Presentación
9	1. Introducción
12	2. ¿Quen somos?, ¿cal é a nosa situación actual?
16	3. ¿A onde queremos chegar? Obxectivos ou metas estratéxicas
20	4. ¿Como o imos facer? Liñas estratéxicas e boas prácticas
24	5. ¿Como o imos facer? Proxectos estratéxicos
27	6. Proxecto: Identificación da Estratexia da DXIXSP
32	Anexo 1/2011: Selección e priorización de proxectos estratéxicos en 2011
36	Anexo 2/2011: Obxectivos e compromisos de proxectos estratéxicos en 2011
40	Anexo 3/2011: Catálogo de servizos DXIXSP en 2011
55	Anexo 4/2011: Despregamento e logros estratéxicos en 2011
62	Anexo 1/2012: Selección e priorización de proxectos estratéxicos en 2012



Prólogo

É para min moi grato ter a ocasión de presentar unha proba máis de como no noso Sistema Público de Saúde de Galicia se vén traballando duro e con rigor nunha dobre dirección: detectar as bolsas de ineficiencia na prestación dos servizos á cidadanía e modernizar constantemente a organización e os seus dispositivos de todo tipo, mesmo nos actuais momentos de tanta dificultade financeira.

Os servizos públicos e as empresas están obrigados a ser innovadores para sobreviviren. Os produtos e a organización dos procesos presentan na actualidade ciclos de vida cada vez máis curtos, o que implica a mellora e a innovación permanentes dos procesos, da organización e dos dispositivos.

A Estratexia da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública representa un complemento imprescindible da Estratexia SERGAS 2014, para o desenvolvemento das accións estratéxicas e a mellora dos indicadores recollidos e prescritos no Plan de Prioridades Sanitarias de Galicia.

Cunha específica visión e orientación comunitaria, a organización de saúde pública galega céntrase en xestionar de xeito efectivo o aseguramento e os dereitos sanitarios, en planificar e modernizar o conxunto dos recursos sanitarios, en promover a mellora e protexer os niveis e indicadores da nosa saúde colectiva, vixiando en todo momento os riscos e ameazas ambientais ou alimentarias, en previr enfermidades transmisibles e non transmisibles, ou detectalas precozmente, cando se dispón de solucións efectivas organizadas para o conxunto da poboación de risco en cada caso.

A través de todas esas funcións, desenvólvese en Galicia a actual prestación de saúde pública do SNS, que tras o seu comezo preautonómico, con efémeros recursos dedicados ás estatísticas vitais de mortalidade e sen apenas competencias, non deixa de crecer e incorporar potentes sistemas de información para a vixilancia epidemiolóxica e o control dos riscos ambientais e alimentarios no noso territorio. O sistema pon en marcha progresivamente, avalía e axusta importantes programas de prevención de enfermidades transmisibles e non transmisibles, e de detección precoz de enfermidades en grupos concretos da poboación, e exerce a delegación de autoridade sanitaria en múltiples iniciativas legislativas autonómi-



cas e na inspección permanente e control do seu cumprimento, xunto coa normativa sanitaria do Estado no ámbito das súas competencias.

Ao coñecemento, modificación, control e vixilancia dos determinantes da nosa saúde colectiva súmanse, máis recentemente, a planificación, xestión e avaliación do aseguramento sanitario e a avaliación de tecnoloxías e recursos sanitarios de todo tipo, utilizados no sistema de atención e asistencia sanitaria, así como a responsabilidade de dar un impulso significativo á alta potencialidade e capacidade de innovación que reside no conxunto dos profesionais do sistema de saúde máis dinámicos e proactivos.

Tanto a recente creación orgánica da Unidade de Innovación en Saúde para xestionar e dar soporte á Plataforma de Innovación en Saúde (instrumento de carácter transversal, aberto e continuado no tempo para a cooperación entre profesionais, empresas e Administración na innovación do noso sistema de saúde), como a posta en marcha do Clúster de Saúde de Galicia son boa mostra da importancia que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde dan á innovación.

Froito desta aposta innovadora é tamén a concesión de importantes fondos Feder para o desenvolvemento dos proxectos H2050 e Innova-saúde e os seus respectivos sub-proxectos. Representan unha primeira proba de éxito para a nosa política de identificar, concretar e contribuír ao desenvolvemento e valorización de ideas e proxectos innovadores con demostrada eficiencia e efectividade, orientados en todo momento á satisfacción da cidadanía e á sustentabilidade do noso sistema público de saúde, mesmo no marco das durísimas restricións económicas actuais.

Finalmente, só resta facer explícita a miña enorme satisfacción e agradecer o importante esforzo que veñen realizando os equipos técnicos e de xestión da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, pola modernización e innovación permanentes do noso sistema de saúde e a prestación dos seus servizos de saúde pública para toda a comunidade.

Rocío Mosquera Álvarez
Conselleira de Sanidade



Presentación

O presente documento non pretende ser unha declaración de boas intencións nin unha publicación para ocupar espazo nos andeis ou na web. Foi pensado, debatido e escrito coa vontade de ser útil, de ser unha folla de ruta consensuada e compartida polo conxunto da organización para orientar as súas decisións do día a día en todos os niveis, permitindo realizar un seguimento periódico dos seus avances ou atrasos, e visualizar finalmente, de forma clara e concreta, os logros e resultados obtidos ou non alcanzados.

Nun ambiente global de alta incerteza e crise financeira, como no que actualmente vivimos, pretendemos que a estratexia da nosa organización, como a de calquera organización que queira ser efectiva, sexa un documento vivo, áxil e en permanente estado de revisión e axuste, tanto en función dos logros ou fracasos conseguidos no tempo como en función das novas demandas, oportunidades e respostas que vaian exixindo o coñecemento dispoñible e a satisfacción da cidadanía.

Tras a reflexión e a análise do punto de partida da organización e a súa misión, e tras a identificación, consenso e aprobación de nove obxectivos estratéxicos que nos acerquen á nosa visión, o presente documento recolle, describe e concreta o camiño que deben percorrer todas as unidades e equipos, mediante dez liñas estratéxicas, un grupo de boas prácticas que se deben incorporar ou reforzar, e un panel de proxectos estratéxicos ou da máxima prioridade para a organización. Todo isto debe conseguir a unión efectiva dos nosos recursos de todo tipo e de todos os esforzos pola mellora continuada dos nosos procesos, na dirección indicada polos nosos obxectivos.

Cando os diversos esforzos dunha organización se orientan cunha soa dirección conxunta, todas as tarefas realizadas e os recursos consumidos nos seus principais proxectos fan que aquela camiñe con paso firme no despregamento da súa estratexia e na consecución dos seus obxectivos. Ademais, facilita a visualización e valoración crítica dos seus logros e fracasos colectivos periodicamente, indicando os axustes concretos e necesarios para continuar no camiño estratéxico elixido.




A Estratexia da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, posta en marcha en febreiro de 2011, que xa foi avaliada ao final de ano, mantén intactos os mesmos obxectivos, liñas estratéxicas e boas prácticas que se deben incorporar ou reforzar, e revisa o panel de proxectos estratéxicos para 2012. Considerouse que un grupo de proxectos estratéxicos para 2011 finalizou, outro grupo continuará o seu desenvolvemento no presente ano e, finalmente, foron consideradas as propostas de novos proxectos, cuxa prioridade foi puntuada individualmente, en función da súa incidencia nos nosos obxectivos estratéxicos.

Todo isto permitiu conformar e concretar en moi pouco tempo o plan de traballo e a folla de ruta da organización para o ano 2012, o que demostrou a súa viveza e axilidade. O mesmo proceso repetírase recorrentemente ao final e principio de cada ano para visualizar os nosos logros e fracasos e avaliar, revisar e axustar os obxectivos e accións que mellor desenvolvan a Estratexia no seguinte ano.

Manuel Varela Rey

*Director xeral de Innovación e Xestión
da Saúde Pública*



1

Introdución

Este documento foi elaborado co obxecto de ser o marco xeral de actuación e a folia de ruta da Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública nos próximos anos, de tal forma que permita expresar tanto as estratexias xerais da organización, coma os compromisos cos seus usuarios. Permitirá, ademais, revisar anualmente a identificación e planificación dos proxectos prioritarios e valorar o avance cara aos obxectivos.

Na súa elaboración partiuse do máis xeral (a nosa misión e visión) para chegar ao máis concreto (a nosa planificación de proxectos estratéxicos ou da máxima prioridade), tendo en conta e integrando tanto a situación de que partimos, coma os compromisos de Goberno e o cumprimento da legalidade, así como das innovacións e necesidades de mellora dos equipos que conforman a organización.

Esta selección de metas, obxectivos estratéxicos, boas prácticas e proxectos prioritarios, serán o instrumento para establecer as nosas prioridades ao tomar decisións de todo tipo no día a día.

A revisión periódica da integración de boas prácticas e dos avances nos proxectos estratéxicos en xullo e en decembro de cada ano, serán momentos especiais para a participación do conxunto da organización, nos que todas as propostas sobre ideas ou posibles novos proxectos deben formar parte do debate de revisión e identificación das accións e proxectos prioritarios que garantan o axuste da estratexia e os compromisos anuais da organización

1

Introdución



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Obxectivo do documento

MARCO DE ACTUACIÓN

- ▶ Referencia na toma de decisións.
- ▶ Facilita a priorización de tarefas.
- ▶ Establece os proxectos que "tocan agora".
- ▶ Marca boas prácticas que se deben introducir no "día a día".
- ▶ Consegue que a organización coñeza a estratexia e traballe aliñada.

FOLLA DE RUTA

- ▶ Inclúe proxectos operativos e de mellora de xestión.
- ▶ Non se refire á carteira de servizos (aínda que a inclúe).
- ▶ Establece o plan de acción e os compromisos de organización anualmente.
- ▶ Define os proxectos e as estratexias a medio prazo.
- ▶ Parte do xeral (visión-estratexia) ao concreto (tarefas-persoas).

FERRAMENTA DE AVALIACIÓN ANUAL

- ▶ Contorno cambiante → Estratexia cambiante.
- ▶ Avalía o avance anualmente.
- ▶ Permite reconducir a estratexia en función dos dous puntos anteriores.

"É un documento que debe estar sempre na mesa de directivos e mandos intermedios"



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Ciclo de vida do documento

FASE DE INFORMACIÓN

- ▶ Baseado en entrevistas persoais (ver lista).
- ▶ Baseado en documentos de referencia (ver lista).

FASE DE REDACCIÓN

- ▶ Coa colaboración de Applica e Manuel Amigo (Responsable de Mellora de Procesos DXIXSP).

FASE DE REVISIÓN-CONSENSO

- ▶ Alegacións S.X. e XX.TT.
- ▶ Presentación e revisión pola alta dirección da consellería.

FASE DE DIFUSIÓN

- ▶ Presentación a todo o persoal da DXIXSP en comités de subdirección e/ou sesión técnica.
- ▶ Referencia constante en seguimento e toma de decisións.

FASE DE AVALIACIÓN E REVISIÓN ANUAL (PARTICIPACIÓN)

- ▶ Seguimento en xullo.
- ▶ Recompilación de resultados por S.X.
- ▶ Proposta de revisión da estratexia e novo plan de acción 2011 por D.X e S.X.
- ▶ Revisión pola alta dirección da consellería.
- ▶ Relacionar coa elaboración do orzamento.



1

Introdución

Abreviaturas utilizadas

CON. SAN.:	Consellería de Sanidade
SEC. X.T.:	Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade
DXIXSP:	Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública
SX PLA:	Subdirección Xeral de Planificación Sanitaria e Aseguramento
SX XES:	Subdirección Xeral de Xestión
SX EPI:	Subdirección Xeral de Información sobre Saúde e Epidemioloxía
SX RIS:	Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais
SX FOM:	Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudable
XX.TT.:	Xefaturas territoriais de Sanidade
SS.CC.:	Servizos centrais
SS.PP.:	Servicios periféricos
SERGAS:	Servizo Galego de Saúde
SERGAS (D. Asistencia):	D. de Asistencia do Servizo Galego de Saúde
SERGAS (D. RR.HH):	D. de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde
SX TIC:	Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información
S-1:	Servizo de Aseguramento e Centros Sanitarios
S-2:	Servizo de Planificación e Ordenación Sanitaria
S-3:	Servizo de Tarxeta Sanitaria e Acreditación Persoal
S-4:	Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias
S-5:	Servizo de Coordinación e Control de Xestión
S-6:	Servizo de Laboratorios de Saúde Pública
S-7:	Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles
S-8:	Servizo de Epidemioloxía
S-9:	Servizo de Indicadores de Saúde
S-10:	Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos
S-11:	Servizo de Estilos de Vida Saudables e Educación para a Saúde
S-12:	Servizo de Programas Poboacionais de Cribado
S-13:	Servizo de Protección Radiolóxica
S-14:	Servizo de Sanidade Ambiental
S-15:	Servizo de Seguridade Alimentaria
S-PLA:	Servizo de Planificación, Aseguramento e Ordenación Sanitaria
S-XES:	Servizo de Xestión
S-ALE:	Servizo de Alertas Epidemiolóxicas
S-LAB:	Servizo de Laboratorio de Saúde Pública
S-RIS:	Servizo de Control de Riscos Ambientais
S-INS:	Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios
Pla. Inn. C.S.:	Plataforma de Innovación da Cons. Sanidade
FEGAMP:	Fed. Galega de Municipios e Provincias
FEDER:	Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

2

¿Quen somos? e ¿cal é a nosa situación actual?

A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública foi creada polo Decreto 185/2009, do 11 de novembro, que modifica o Decreto 310/2009, do 28 de maio, que establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.

No esquema do final deste capítulo, recóllese a estrutura organizativa e humana dos servizos centrais e periféricos da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública e das Xefaturas Territoriais da Consellería de Sanidade en maio de 2011. Os servizos de Inspección de Servizos Sanitarios das xefaturas territoriais dependen orgánica e funcionalmente da Secretaría Xeral Técnica.

Para describir quen somos e os obxectivos polos cales fomos creados definimos a nosa **misión**.

A misión da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública é **vixiar, fomentar, protexer e contribuír a mellorar a saúde da poboación galega, a través:**

- ▶ **Da planificación das diferentes actuacións que contribúan a mellorar a saúde, a asegurar o libre exercicio dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, e a garantir a prestación de saúde pública (as mesmas oportunidades para previr enfermidades, promovendo o mantemento e a mellora da saúde de toda a poboación galega).**
- ▶ **Do desenvolvemento de actuacións comunitarias para o control dos riscos de enfermarse por problemas asociados a determinantes da saúde modificables.**

Esta misión comprometémonos a desenvolverla, compartindo cada día os seguintes **valores**:

- ▶ **Traballo en equipo, en coordinación con toda a consellería.**
- ▶ **Equidade, na xestión dos intereses colectivos.**
- ▶ **Eficiencia, na utilización dos recursos.**
- ▶ **Mellora continua da calidade técnica e da calidade de xestión.**
- ▶ **Traballo acorde co coñecemento dispoñible en cada momento.**
- ▶ **Traballo orientado a resultados para a comunidade.**

2

¿Quen somos? e ¿Cal é a nosa situación actual?

Situación actual

Consensuáronse os **principais elementos que configuran a situación actual**, agrupándoos pola súa relación cos criterios de excelencia na xestión de organizacións (Modelo EFQM), nos cales se vén afondando e traballando desde o ano 1999.

Relacionados co contorno:

- ▶ A profunda crise e as perspectivas económicas obríganos a extremar a **austeridade**, sendo un obxectivo en si mesmo o axuste orzamentario.
- ▶ En situacións de crise económica, as organizacións tenden a relaxar os seus sistemas de protección e prevención, e a poboación tende a establecer estilos de vida menos saudables, polo que os **riscos para a saúde poderían estar crescendo**.

Relacionados coa estratexia:

- ▶ Non existe un sistema formalizado e transparente de **priorización** de accións e proxectos.

Relacionados coas persoas da organización:

- ▶ Nas sucesivas enquisas de clima laboral reflíctese un **alto nivel de adhesión** dos profesionais á súa dirección xeral.
- ▶ O **nivel técnico** das persoas que traballan na organización é moi alto.
- ▶ A situación das persoas que traballan na dirección xeral está condicionada por **temas retributivos que se consideran inxustos**, o que xera desmotivación, e resulta realmente difícil lograr novas incorporacións coas competencias adecuadas, xa que **as nosas ofertas laborais son pouco competitivas**.
- ▶ Ademais, a estrutura funcional non permite incorporar perfís técnicos necesarios (estadísticos, sociólogos, educadores de actividade física, técnicos medios como axudantes de inspección).

2

¿Quen somos? e ¿Cal é a nosa situación actual?

- ▶ O perfil dos líderes da organización ten un claro nesgo técnico, polo que a apertura cara á área de coñecemento da xestión é un camiño iniciado, pero que necesita un decidido impulso e consolidación.

Relacionados cos recursos:

- ▶ O **orzamento** da dirección xeral, en relación co de todo o sistema sanitario, non chega ao 2%, considerándose o orzamento **como un gasto e non como un investimento**.
- ▶ Non se avalía o impacto **na redución do gasto sanitario** do investimento realizado en saúde pública.

Relacionados coas alianzas:

- ▶ As relacións cos **departamentos territoriais e co Servizo Galego de Saúde** teñen aínda un amplo camiño cara á mellora da cooperación e o compromiso.
- ▶ A relación con outras organizacións que teñen impacto na saúde son en moitos casos inexistentes, ou non están formalizadas.
- ▶ A relación cos **servizos transversais** da consellería (informáticos, xurídicos, económicos...) ralentiza as nosas tarefas, alongando os tempos de entrega.

Relacionados co impacto social:

- ▶ A sociedade actual e os seus cidadáns esperan de nós **transparencia e participación**.
- ▶ A organización reconece a **falta de visibilidade** das súas accións, o que se traduce en dificultades no momento de poñer en valor as achegas que, desde esta dirección, se fan a todo o sistema sanitario.


Relacionados co impacto na saúde:

- ▶ A organización foi capaz de crear e manter **programas que son unha referencia** nacional e internacional.
- ▶ A organización ten dificultades para **medir e avaliar os seus resultados finais**, polo cal non sempre é posible demostrar a utilidade e eficiencia das nosas accións.

2

¿Quen somos?
e ¿Cal é a nosa situación actual?

Estrutura



TOTAL PERSOAS SS.CC. (*): 119

TOTAL PERSOAS (*): 1.085
Persoal sanitario (*): 647 / Persoal coord. e apoio (*): 463

TOTAL PERSOAS SS.PP. (*): 966

(*) Reconto de persoal feito en febreiro de 2011.

3

¿A onde queremos chegar? Obxectivos ou metas estratéxicas

A primeira pregunta que nos facemos é: **¿que cremos que debemos ser e a onde queremos chegar?**, resumindo a súa resposta nos seguintes **obxectivos estratéxicos** que, en diante, identificaremos polas súas palabras clave, destacadas en grosa:

- 1 Debemos lograr que a nosa **organización** sexa **recoñecida** pola sociedade. A imaxe que a cidadanía teña da nosa organización preocúpanos e tamén nos ocupa.
- 2 Debemos ser **referentes** na **toma de decisións sobre saúde**, para o cal necesitamos que outras organizacións colaboradoras, especialmente o Servizo Galego de Saúde, nos vexan como necesarios para a consecución dos seus obxectivos, respondendo adecuadamente ás súas expectativas.
- 3 Debemos ser unha **organización innovadora**, tanto en aspectos técnicos como de xestión.
- 4 Debemos iniciar e desenvolver políticas e accións que sexan sustentables economicamente, polo que a **sustentabilidade** será un claro criterio de priorización das nosas accións.
- 5 Debemos ser unha **organización efectiva** na mellora da saúde da poboación, polo que debemos ser eficaces, pero tamén, como xestores públicos que somos, debemos ser referentes na xestión eficiente das persoas, das alianzas e dos recursos.
- 6 Debemos asumir entre os nosos obxectivos que os nosos **profesionais** estean **satisfeitos** do seu traballo e que se sintan valorados pola organización e pola cidadanía.
- 7 Debemos convencer o sistema sanitario de que **somos moi útiles** na consecución de obxectivos comúns, avaliando o impacto do investimento realizado en saúde pública nos resultados económicos do sistema sanitario.
- 8 Debemos esforzarnos en **medir o noso impacto real na saúde**, demostrando que somos capaces de contribuír, de maneira clara e obxectiva, na mellora dos resultados en saúde do sistema sanitario.
- 9 Debemos ter **capacidade de influencia**, tanto nos organismos sanitarios autonómicos, como nos nacionais e europeos.

3

¿A onde queremos chegar? Obxectivos ou metas estratéxicas



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO GALEGO de SAÚDE

Un pouco de filosofía...
As grandes organizacións NON ALIÑADAS padecen de...

Execútanse os proxectos solicitados pola alta dirección sen estudar a súa viabilidade nin implicacións

Execútanse as iniciativas persoais dos mandos intermedios sen aprobación da alta dirección

O día a día impide executar os novos proxectos...

- ▶ De maneira planificada
- ▶ Tendo en conta capacidades reais de desenvolvemento
- ▶ Non avaliando custos de desenvolvemento e implantación
- ▶ Sen a participación das "partes interesadas" no deseño da solución final

}

Altos prazos de entrega → Execútanse máis proxectos dos razoables en función das capacidades reais

En ocasións o usuario non aplica as solucións adoptadas (síntese "imposto")

Non se avanza cara ao obxectivo estratéxico

Insatisfacción persoal pola non consecución de obxectivos (séntese "incomprendido")

En definitiva, a organización non é todo o EFICAZ, EFICIENTE E EFECTIVA que podería ser



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO GALEGO de SAÚDE

Un pouco de filosofía...
As grandes organizacións ALIÑADAS fortalécense de...

Trázase a estratexia desde a alta dirección

Priorízase entre a infinidade de posibilidades

Execútanse só os proxectos aliñados coa estratexia (a organización sabe cara a onde imos)

Tense en conta o "usuario" desde o deseño da solución

Estúdase a viabilidade dos proxectos antes de investir gran cantidade de recursos económicos e/ou humanos

}

REDÚCENSE OS PRAZOS DE ENTREGA
(obxectivos medibles a curto prazo)

EFICIENCIA: *aproveítanse os recursos*


EFICACIA: *deséñanse solucións máis útiles, polo que se aplican*

EFFECTIVIDADE: *implicase a toda a organización (nin "incomprendidos" nin "imposicións")*

En definitiva, a organización tende a aproveitar o seu potencial

3

¿A onde queremos chegar? Obxectivos ou metas estratéxicas



Todos estes obxectivos quedan resumidos na nosa **visión**:

Alcanzar un nivel de planificación e coordinación na Consellería de Sanidade que permitan asegurar os dereitos da cidadanía e desenvolver os servizos para mellorar a súa saúde de forma eficiente, contribuíndo así a asegurar a sustentabilidade do sistema.

Ser o punto de referencia na toma de decisións que incidan na saúde comunitaria, sendo unha garantía de seguridade para a cidadanía.

En resumo, ver desde outro prisma a forma de entender a saúde colectiva, traballando por resultados de maneira sustentable, e sendo eficientes na utilización do orzamento público. **“Facelo mellor con menos”**.

3

¿A onde queremos chegar? Obxectivos ou metas estratéxicas



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Obxectivos estratéxicos / perspectivas estratéxicas



4

¿Como o imos facer? Liñas estratéxicas e boas prácticas

Pretendemos facelo prestando mellor os servizos que prestamos, a base de incorporar boas prácticas como as que se recollen a seguir, e desenvolvendo os proxectos estratéxicos seleccionados ata o logro dos seus compromisos anuais. Cabe salientar unha **práctica** que resulta **fundamental** en todas as organizacións: **a participación efectiva de todos os actores, a través de todas as canles e niveis da organización, no deseño e desenvolvemento de accións estratéxicas e de mellora da organización cara ao futuro.**



Liñas estratéxicas a desenvolver

- ▶ Incorporar a toda a sociedade, mediante a implicación das entidades locais e as asociacións cidadás, na xestión da súa propia saúde, empoderando así a toda a cidadanía. **“Converter a saúde nun tema de todos”, “a saúde impórtanos a todos”, “¿hai algo máis importante que a saúde?”.**

4

¿Como o imos facer? Liñas estratéxicas e boas prácticas

- ▶ Identificar e potenciar as funcións de autoridade sanitaria propias da dirección xeral, en relación con outros niveis organizativos do sistema sanitario galego.
- ▶ Facer unha planificación sanitaria máis eficaz, identificando e avaliando os factores que máis inflúen na saúde dos galegos, priorizando as accións de mellora, e definindo as prioridades que guiarán os investimentos que realizará o noso sistema sanitario nos próximos anos. **“Debemos explicar claramente as nosas prioridades sanitarias”.**
- ▶ Innovar nos sistemas de información e avaliación, establecendo metodoloxías de avaliación de resultados que permitan avanzar cara a políticas máis eficientes. **“Sen información, ¿por onde imos?”**
- ▶ Incorporar ao sistema novas fontes de financiamento que, ademais de poñer en valor os nosos programas, contribúan á súa sustentabilidade. **“Hai moitas fontes de financiamento e temos que aprender a utilizalas”.**
- ▶ Mellorar o noso impacto na saúde, innovando en programas de estilos e hábitos de vida saudable, seguridade alimentaria, vacinas..., onde a tarefa de buscar cómplices na sociedade galega sexa a base de todas as accións, e a avaliación continua dos programas nos permita desenvolverlos, melloralos e facelos máis eficientes. **“Só se avaliamos saberemos se somos eficientes”, “non debemos nin podemos facelo sós”.**
- ▶ Mellorar a calidade da xestión e a eficiencia dos procesos. Continuar mellorando a calidade da xestión, afondando en modelos de xestión excelente, reorientando a organización cara á xestión dos procesos, e apostando pola súa simplificación e automatización. **“Para obter bos resultados hai que ser unha boa organización”, “os bos resultados non os conseguen malas organizacións”, “detrás dun mal resultado hai unha mala organización”.**
- ▶ Estructurar a relación co Servizo Galego de Saúde, coas xefaturas territoriais e con outras organizacións, asumindo que establecer alianzas é a mellor maneira de lograr os obxectivos comúns,

4

¿Como o imos facer? Liñas estratéxicas e boas prácticas

implicando as organizacións, desde o deseño ata a implantación e valoración dos nosos plans e proxectos. **“Integrarse máis no sistema sanitario”.**

- ▶ Fomentar o desenvolvemento e a satisfacción das persoas que integran esta organización, panca clave do cambio e da sustentabilidade da mellora. O capital fundamental desta dirección está no coñecemento, e por tanto nas persoas que son capaces de aplicalo e poñelo en valor, facéndoo útil para a sociedade. **“As persoas serán o motor do cambio”.**
- ▶ Poñer en valor a utilidade da prestación de saúde pública, aumentando a súa visibilidade e achegando a nosa visión global dos problemas sanitarios. Será unha estratexia fundamental **“converterse nunha organización importante para os outros”.**

Boas prácticas que se deben incorporar:

- ▶ Establecer unha xestión de proxectos planificada, que permita o seu debate, priorización e aprobación, o seu desenvolvemento e seguimento periódico, e a súa implantación piloto previamente á súa implantación xeneralizada.
- ▶ Impulsar iniciativas tipo “open data” que aumentan a transparencia da Administración e enriquecen o ben común, así como as ferramentas colaborativas vía web.
- ▶ Incorporar máis información de carácter económico para a toma de decisións sobre a aprobación dun proxecto ou acción.
- ▶ Participar activamente en foros, comisións e grupos de traballo, trasladando ou formulando as nosas propostas innovadoras e sustentables.
- ▶ Establecer unha comunicación interna regrada, a través dos comités de subdirección, do Comité de Dirección e de comités de coordinación coa Secretaría, co Sergas, coas xefaturas territoriais ou con outros.

4

¿Como o imos facer? Liñas estratéxicas e boas prácticas

- ▶ Crear unha canle regrada de suxestións para a simplificación de procesos administrativos habituais e para a identificación de ideas innovadoras, que utilice toda a organización.
- ▶ Incluír como rutina na xestión de todo programa, a elaboración de resultados e a súa publicación na web.

Boa práctica	Indicador	Responsable/s
01/2011	Planificación de proxectos estratéxicos	P. Daporta, I. Conde
02/2011	Documento definición da nosa estratexia en open data / 1 ferramenta utilizada	X. Hervada, P. Brañas
03/2011	N.º de informes elaborados para o Comité de Dirección	P. Daporta, J. Gon-Zaera
04/2011	N.º de asistencia a foros	P. Daporta
05/2011	N.º Com. Dirección / Coordinación XX.TT. / Com. Subdirección	M. Amigo
06/2011	N.º ideas e anteprojectos presentados	P. Daporta, I. Conde
07/2011	Publicación en web de resultados do 50% dos programas	X. Hervada, A. Gómez, J. Suances

5

¿Como o imos facer? Proxectos estratéxicos

Para avanzar cara ás metas que nos propuxemos, seleccionáronse os **proxectos estratéxicos ou da máxima prioridade (ver anexos 1 e 2)**, partindo dunha lista inicial con tres categorías básicas: os vinculados a compromisos políticos ou de cumprimento das obrigas legais, os de carácter operativo e innovador para o desenvolvemento da estratexia identificada, e os de mellora da xestión que se vén realizando na organización.

Valórase por seis avaliadores internos o grao de incidencia en cada obxectivo estratéxico, de cada un dos proxectos candidatos, aplicando os valores 0, 0,25, 0,5, 0,75 e 1, de mínima a máxima incidencia estimada. Calcúlase a media aritmética das puntuacións emitidas e, ordénanse segundo o grao de prioridade que outorga a puntuación media obtida por cada proxecto (ver anexo 1).

Finalmente, establécese o punto de corte dos proxectos abordables en 2011, e identifícanse os seus respectivos obxectivos xerais, subproxectos e compromisos de execución para o ano 2011 e seguintes (ver anexo 2).

Os proxectos estratéxicos, unha vez aprobados no Consello de Dirección da Consellería de Sanidade, serán planificados seguindo a Guía de xestión de proxectos da DXIXSP e a súa ferramenta informática (SXP), que axuda a concretar e sistematizar as súas accións, tarefas, responsables e prazos de execución, os seus produtos intermedios e finais. Facilita, ademais, o seguimento mensual de todos os proxectos, e incorpora os seus indicadores de xestión e calidade.

Realizarase o seguimento conxunto e a revisión de status dos proxectos estratéxicos en xuño, e a súa avaliación e revisión en decembro de cada ano, facendo da estratexia un elemento organizativo flexible, realista, vivo e con continuidade. Estes momentos serán especialmente importantes para a participación do conxunto da organización, presentando as correspondentes propostas de novas accións, proxectos ou boas prácticas que se incorporarán, cada ano, para axustar a Estratexia da DXIXSP. Nesta primeira identificación de accións e proxectos estratéxicos, traballouse sobre un conxunto de proxectos pendentes ou en marcha, con maior ou menor atraso, pero na seguinte revisión será imprescindible debater novas propostas achegadas desde todos os niveis da organización.

5

¿Como o imos facer? Proxectos estratéxicos

Os anexos 1 e 2, correspondentes ao ano 2011, tras a súa revisión ao final do ano, darán lugar ao anexo 1 correspondente ao ano 2012 e seguintes.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Proceso de priorización: Como aliñar os proxectos á estratexia?


1. A dirección establece os obxectivos estratéxicos (revisanse anualmente se se considera necesario).
2. Calquera persoa pode propoñer un proxecto para que se avalíe no Comité de Dirección seguinte da DXIXSP.
3. No comité preséntanse os obxectivos xerais do proxecto que son valorados polo DX e os cinco SX.
4. Revisase a lista de proxectos semestralmente e o grao de avance nestes.
5. Elabórase o orzamento segundo esa lista.
6. Anualmente o DX propón unha selección (punto de corte) que é ratificada pola conselleira.
7. Os proxectos seleccionados deben contar con:
 - ▶ Obxectivos xerais e fitos anuais.
 - ▶ Planificación detallada.



5

¿Como o imos facer? Proxectos estratéxicos

Para a planificación dos proxectos ou subproxectos estratéxicos utilízase o modelo de xestión de proxectos actualmente dispoñible. Este revisárase para dar un soporte máis adecuado ao seguimento de proxectos complexos que precisan varios anos de desenvolvemento, baixo o esquema xenérico pero completo que recolle o seguinte esquema.



6

Proxecto: Identificación da Estratexia da DXIXSP

Misión do proxecto: identificar os eixes estratéxicos de aliñación, innovación e mellora da xestión no ámbito de competencia da DXIXSP, concretando proxectos e compromisos de acción para 2011 e seguintes anos. Divulgar a estratexia, revisala, e avaliar o seu grao de despregamento e os logros alcanzados en cada ano de aplicación.

Grupo de traballo

Manuel Varela Rey
Xurxo Hervada Vidal
Ángel Gómez Amorín
Patricia Daporta Padín
Jorge Suanzes Hernández
Francisco López Rois
Manuel Amigo Quintana

Propostas iniciais e asesoría

Applica Asociados S.L.
Secretaría Xeral Técnica
da Consellería de Sanidade
Conselleira de Sanidade

Alegacións e axustes

Xefaturas de servizo da DXIXSP
Xefaturas territoriais
da Consellería de Sanidade
Comité de Dirección e comités
de subdirección da DXIXSP

Proposta definitiva

Comité de Dirección da DXIXSP

Aprobación

Consello de Dirección
da Consellería de Sanidade

O documento cumpre os obxectivos

MARCO DE ACTUACIÓN

- ▶ Punto de partida.
- ▶ Punto de destino.
- ▶ Liñas estratéxicas.
- ▶ Proceso decisión / priorización.

FOLLA DE RUTA

- ▶ Proxectos en curso.
- ▶ Planificación.
- ▶ Incorporación de boas prácticas.

FERRAMENTA DE AVALIACIÓN ANUAL

- ▶ Grao de cumprimento dos compromisos anuais.
- ▶ Replanificación dos proxectos.
- ▶ Revisión: estratexia.
 - ▶ Punto de partida.
 - ▶ Punto de destino.
 - ▶ Liñas estratéxicas.
 - ▶ Nova selección / priorización de proxectos.

"É un documento que debe estar sempre na mesa de directivos e mandos intermedios"



6

Proxecto: Identificación da Estratexia da DXIXSP

Cronograma

	Principales accións	Produto	2010		2011													2012
			N	D	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D	X	
1	Planificación e cobertura do calendario entrevistas-reunións específicas	Ideas e propostas																
2	Formulación dun documento inicial	Documento inicial																
3	Debate e correccións de documento inicial																	
4	Presentación inicial á consellería	Documento de presentación inicial																
5	Valoración de proxectos estratéxicos	Documento inicial enriquecido																
6	Identificación de proxectos prioritarios	Documento priorización proxectos estratéxicos																
7	Axuste presentación definitiva ao Consello Dirección (aprobación)	Documento de presentación definitivo																
8	Edición documento en intranet e presentación en sesión técnica (1.ª versión)	Documento Estratexia (1ª versión intranet)																
9	Formación xefes de proxecto no Sistema de Xestión de Proxectos DXIXSP																	
10	Planificación de proxectos e subproxectos estratéxicos																	
11	Formulación-aprobación do catálogo de servizos DXIXSP																	
12	Edición dos anexos en intranet. Edición en galego (2.ª versión)	Documento Estratexia (2ª versión intranet)																
13	Seguimento semestral e final	Documento Anexo 4/ 2011																
14	Evaluación e revisión anual	Documento Anexo 1/ 2012																

Persoas consultadas

Pilar Farjas Abadía
Conseleira de Sanidade

Sagrario Pérez Castellanos
Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade

Rocío Mosquera Álvarez
Xerente do Servizo Galego de Saúde

Nieves Domínguez González
Directora de Asistencia Sanitaria. Servizo Galego de Saúde

Jesús Gamallo
Director xeral de Relacións coa U.E.
Consellería da Presidencia

Ricardo Capilla
Director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación. C. de Economía e Industria

Francisco José Seijo
Director xeral de Planificación e Fondos.
Consellería de Facenda

Patricia Daporta Padín
Sub. xeral de Xestión. Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública

Ángel Gómez Amorín
Sub. xeral de Programas de Protección de Riscos Ambientais para a Saúde. Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública

Francisco López Rois
Sub. xeral de Planificación Sanitaria. Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública

Xurxo Hervada Vidal
Sub. xeral de Información Sanitaria e Epidemioloxía.
Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública

Jorge Suanzes Hernández
Sub. xeral de Fomento de Estilos de Vida Saudables.
Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública

Ángel Facio Villanueva
Sub. xeral de Planificación e Ordenación Asistencial.
Servizo Galego de Saúde

Javier Paz Esquete
Sub. xeral de Investigación, Docencia e Innovación. Servizo Galego de Saúde

Estrella López-Pardo y Pardo
Sub. xeral de Análise, Avaliación asistencial e At. Servizo Galego de Saúde

Fernanda López Crecente
Sub. xeral de Atención Sociosanitaria e Saúde Mental.
Servizo Galego de Saúde

Ángeles Feijoo-Montenegro Fernández
Xefa territorial de Sanidade (Pontevedra)

Purificación Rivas Varela
Xefa territorial de Sanidade (Lugo)

María Villar Suárez
Xefa territorial de Sanidade (Ourense)

Emma Rego Valcárce
Xefa territorial de Sanidade (A Coruña)

Montserrat Castelo Guzmán
Xefa do Servizo de Laboratorios de Saúde Pública.
Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública

Marisa López García
Directora da Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias. Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública

Julia González-Zaera Barreal
Xefa do Servizo de Coordinación. Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública

Manuel Amigo Quintana
Coordinador de Procesos. Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública

Carlos Peña Gil
Xefe do Servizo de Innovación.
SX de Investigación, Docencia e Innovación

Javier Quiles del Río
Xefe do Servizo de Xestión de Proxectos de Sistemas de Información. Secretaría Xeral Técnica de Sanidade

Rodrigo Gómez Ruiz
Xefe da área de I+D. FEGAS

Sonia Martínez Arca
Directora Fundación IDICHUAC

José Luis Aboal Viñas
Socio-director Aplica Asociados

Carlos Fernández Abreu
Socio-director Aplica Asociados

Xavier Alcalá
Director da Oficina de Programas Internacionais de I+D+i

Documentación consultada

- Borrador do Plan de Prioridades Sanitarias
- Plan Estratéxico do Servizo Galego de Saúde 2011-2014
- Borrador da Memoria de xestión do Sistema Galego de Saúde 2009
- Lei de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde
- Lei de saúde de Galicia
- Mapa de procesos da Dirección Xeral de Saúde Pública (2005)
- Orzamento da Consellería de Sanidade 2011
- Plan de Galicia sobre Drogas e Adiccións
- Lei 11/2010 sobre alcohol e menores

6


Proxecto: Identificación da Estratexia da DXIXSP

Conclusións iniciais do grupo de traballo

1. A ferramenta permite priorizar 25 proxectos en dúas horas con conclusións razoables.
2. Sitúanse como proxectos prioritarios aqueles con máis impacto no Servizo Galego de Saúde e polo tanto na poboación.
3. A proposta de corte, dada a capacidade do persoal debería ser 23 proxectos, pero introdúcense o 24 e o 25 a menor ritmo por ser compromiso político. O Proxecto SO2 Heaven está pendente de socios e financiamento.
4. No futuro o número de proxectos proposto debe ser moi superior, contando coa crecente participación e elaboración de propostas a todos os niveis organizativos, servindo a ferramenta claramente para a selección.
5. Permite detectar os proxectos “estrela”: Regat, Cribado colorrectal, Plan de Prioridades, Avaliación de tecnoloxías sanitarias, Fomento da innovación, Despregamento e avaliación de vacinación con Prevenar, Fomento de estilos de vida saudables.
6. A orientación a outras estratexias é alta: 9/25 son compromiso político, 19/25 responden a algún eixe do *Plan de Prioridades Sanitarias*, 23/25 responden a algún obxectivo da *Estratexia SERGAS 2014*.
7. Identifícanse xa os principais actores. Hai que ter en conta as súas necesidades, coordinarse con eles e solicitarlles compromiso.
8. Os patróns deben impulsar a toda a organización cara á consecución dos proxectos.
9. 18 proxectos son operativos, e 7 de mellora da xestión interna.
10. A carga de traballo entre subdireccións está razoablemente equilibrada segundo os RRHH e RREE.
11. Os obxectivos xerais e fitos para 2011 xa están propostos e ratificados polo Consello de Dirección da Consellería.

Principais conclusións iniciais

1. Camiñase, con paso firme, cara a resultar útiles para o sistema sanitario e efectivos na xestión das nosas competencias.
2. Débese mellorar na satisfacción das persoas e na nosa capacidade de implicación. Este camiño pódese reforzar coa incorporación de boas prácticas e accións concretas.



ANEXOS

Anexo 1/2011. Selección e priorización de proxectos estratégicos en 2011

Cod	Proxecto	Compromiso Goberno	Relación co Plan de Prioridades Sanitarias	Relación cos obxectivos da Estratexia Sergas 2014	Patrón	Líder	Partners
1	CONTINUAR O DESENVOLVEMENTO DE REGAT (REXISTRO GALEGO DE TUMORES)	NON	P.S.: cancros pulmón, colon, mama	Tecnoloxía e información	Con. San.	SX Epi	Sergas (D. Asistencia)
2	DESEÑO E PROGRAMA PILOTO DE CRIBADO POBOACIONAL DE CANCRO COLO- RECTAL	NON	P.S.: cancro colon	Sector sanitario creador de valor	Con. San.	SX Fom	Sergas (D. Asistencia) XX.TT.
3	PLAN DE PRIORIDADES SANITARIAS	SI	D.P.: inf. dereitos/deberes/prest./servizos	Xestión rigorosa e eficiente	Con. San.	SX Pla	Sergas (D. Asistencia) Sec
4	POTENCIACIÓN DA AVALIACIÓN DE TECNOLOXÍAS, TÉCNICAS E PROCEDIMENTOS (TTP)	NON	D.P.: sistema información prof. sanitarios	Profesionais: o noso principal activo	DXIXSP	SX Xes	Sergas (D. Asistencia) SX PLA
5	FOMENTO DA INNOVACIÓN NA CONSELLERÍA DE SANIDADE	NON		Sector sanitario creador de valor	DXIXSP	DXIXSP	DXIXSP Plat. Inn. C.S.
6	DESPREGAR E AVALIAR A VACINACIÓN CON PREVENAR	SI	D.P.: inf. dereitos/deberes/prest./servizos	Sector sanitario creador de valor	Con. San.	SX Epi	Sergas (D. Asistencia)
7	DESEÑO DE NOVOS PROGRAMAS DE FOMENTO DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLE	NON	P.S.: cardiopatía isq., ictus/ECV, Diabetes mellitus	Xestión rigorosa e eficiente	DXIXSP	SX Fom	XX.TT. C. Educación
8	INDICADORES BÁSICOS DE SAÚDE DE GALICIA	NON	D.P.: inf. dereitos/deberes/prest./servizos	Tecnoloxía e información	DXIXSP	SX Epi	Sergas (SX TIC)
9	FOMENTO DA CAPTACIÓN DE RECURSOS EXTERNOS	NON		Sector sanitario creador de valor	DXIXSP	DXIXSP	Plat. Inn. C.S.
10	DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS EN SAÚDE LABORAL	SI	D.P.: inf. dereitos/deberes/prest./servizos	Sector sanitario creador de valor	Consello Relacións Laborais	SX Ris	ISSGA Sec (Sub Inspección) Sergas (D. Asistencia)
11	INTEGRAR O PROGRAMA DE CRIBADO DE CANCRO DE MAMA EN HOSPITAIS COMARCAIS	SI	P.S.: cancro mama	Sector sanitario creador de valor	Con. San.	SX Fom	Sergas (Asistencia) XX.TT.
12	PROXECTO EO2HEAVEN (SOCIO DE P. EUROPEO AMBIENTE-SAÚDE. MODELO DE MONITORIZACIÓN)	NON		Sector sanitario creador de valor	DXIXSP	SX Ris	SX Epi Univ. SCQ
13	DESEÑO DO SISTEMA DE INFORMACIÓN DE ANÁLISE COMPLEXO (SIAC) DE VACINAS	NON	D.P.: inf. dereitos/deberes/prest./servizos	Tecnoloxía e información	Con. San.	SX Epi	Sergas (D. Asistencia)
14	REDEFINIR E OPTIMIZAR OS PROCESOS DE XESTIÓN DE TARXETA SANITARIA	NON	D.P.: inf. dereitos/deberes/prest./servizos	Demandas saúde cidadanía	DXIXSP	SX Pla	Sergas (D. Asistencia) Sec
15	FINALIZACIÓN DO SISTEMA DE INFORMACIÓN HERME	NON	D.P.: inf. dereitos/deberes/prest./servizos		DXIXSP	SX Ris	SEC (SX TIC - Insp) XX.TT.
16	IMPULSAR A XESTIÓN POR PROCESOS	NON		Xestión rigorosa e eficiente	DXIXSP	SX Xes	DXIXSP
17	REFORMA DA REDE DE LABORATORIOS DE SAÚDE PÚBLICA	SI*		Renov. Infraest.	DXIXSP	SX Xes	XX.TT. FEDER Sergas (D. Asistencia)
18	DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE TRASTORNOS ADICTIVOS	SI	P.S.: EPOC, cancro pulmón, depresión/T.A:	Demandas saúde cidadanía	SEC. X.T.	SX Fom	XX.TT. ONG/Asociación FEGAMP
19	IMPLANTACIÓN DO PROGRAMA QUERES: QUEIXAS E RECLAMACIÓN	NON	D.P.: inf. dereitos/deberes/prest./servizos	Demandas saúde cidadanía	Xerencia Sergas	SX Pla	Sergas (D. Asistencia) Sec
20	MELLORA DA XESTIÓN DE PROXECTOS	NON	D.P.: inf. dereitos/deberes/prest./servizos	Xestión rigorosa e eficiente	DXIXSP	SX Xes	DXIXSP
21	DESENVOLVEMENTO DE PERSOAL DXIXSP	NON			SEC. X.T.	SX Xes	DXIXSP Sergas (D. RRHH) Sec
22	DESENVOLVEMENTO DA LEI DE ALCOHOL EN MENORES	SI	P.S.: depresión/T.A.	Demandas saúde cidadanía	SEC. X.T.	SX Fom	Sec XX.TT. FEGAMP APAS C. Educación
23	CREACIÓN DO SISTEMA DE INFORMACIÓN E REXISTROS PÚBLICOS DE PROFESIONAIS SANITARIOS	NON	D.P.: sistema información prof. sanitarios	Profesionais: o noso principal activo	DXIXSP	SX Pla	Sec Sergas (D. Asistencia)
24	UNIVERSALIZACIÓN DO ASEGURAMENTO SANITARIO PÚBLICO EN GALICIA	SI	D.P.: extensión aseguramento	Demandas saúde cidadanía	Con. San.	SX Pla	Sec Sergas (D. Asistencia)
25	IDENTIFICACIÓN DA CARTEIRA DE SERVIZOS DE HIDROLOXÍA	SI	D.P.: extensión aseguramento	Demandas saúde cidadanía	Con. San.	SX Pla	Sec Sergas (D. Asistencia)
	MEDIA/RAZÓN	9/25	19/25	23/25			

(*) Compromiso con FEDER

Anexo 1/2011. Selección e priorización de proxectos estratéxicos en 2011

Priorización polo seu impacto en obxectivos estratéxicos

		Organización efectiva 1	Sustentabilidade 2	Imaxe pública 3	Referentes en toma dec. saúde 4	Útiles ao sistema 5	Medir impacto real 6	Organización innovadora 7	Persoas satisfeitas 8	Capacidade de influencia 9	TOTAL
1	REGAT	67%	42%	29%	83%	96%	88%	58%	25%	54%	60
2	Cancro colon	96%	29%	71%	75%	71%	58%	46%	33%	54%	59
3	Plan Prioridades Sanitarias	83%	83%	38%	92%	88%	29%	46%	21%	29%	56
4	Avaliación TTP	71%	79%	25%	63%	96%	29%	38%	42%	54%	55
5	Fomento da innovación	54%	54%	42%	54%	79%	25%	96%	38%	42%	53
6	PREVENAR	50%	33%	58%	63%	67%	71%	58%	29%	50%	53
7	Estilos de vida saudable	58%	67%	83%	54%	63%	29%	42%	29%	38%	51
8	Indicadores básicos de Galicia	46%	42%	50%	67%	88%	79%	25%	29%	38%	51
